



LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO

Blas Varela, María Esther de
Doval Ruíz, María Isabel
Martín Moreno, José María
Michinel Álvarez, Miguel Ángel
Míguez Tabarés, José Luis
Pérez Vázquez, M^a Consuelo
Ramos Cabrer, Manuel
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Rubio Arместo, María Belén
Soto Carballo, Jorge Genaro
Valderrama Santomé, Mónica

DECANOS/DIRECTORES

Cruz Freire, José Manuel
Cuiñas Gómez, Iñigo
Currás Valle, Consuelo
Ferro Soto, Antonio Carlos
Lavilla Beltrán, M^a Isela
Pardo Froján, Juan E.
Picos Martín, Juan
Reboreda Morillo, Susana
Ruiz Hidalgo, Carmen

PDI-A

Collazo Fernández, Antonio
Falagán Mota, Jorge
Gómez Rodríguez, Alma M^a
Paz Penín, Concepción
Pazos Arias, José Juan
Porteiro Fresco, Jacobo
Rivo López, Elena
Siota Álvarez, Mónica

PDI-B

ESTUDANTES

PAS

Cebro Rodríguez, Xoán

CONSELLO SOCIAL

Calviño Rodríguez, Xulio

SINDICATOS

Pérez Gómez, Luis

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Couto Cancela, Daniel
Fernández Suárez, Emilio Manuel
Ferreiro Vázquez, Óscar
García Cutrín, Francisco Javier
García Señorán, M^a del Mar
Gómez Fariñas, Beatriz
González López, Raquel
González Santamaría, Pedro
Lantarón Caeiro, Eva María
Lorenzo Rodríguez, Edita de
Mollinedo Lois, Carlos
Rico Fuentes, Juan Jesús
Rodríguez Martínez, Francisco Javier
Souto García, Raquel
Torres Outón, Sara M^a

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 22 de xaneiro de 2020, convocada para as 09:30 h. en primeira convocatoria e ás 10:00 h. en segunda na sala de xuntas da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación.

Ás 10:00 h do día **22 de xaneiro de 2020** deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria, do 20 de decembro de 2019.

Non habéndose presentando alegacións en tempo e forma, apróbase a acta por asentimento.

2. Informe do reitor.

O reitor informa dos seguintes asuntos:

- Comunica que no pleno do Consello Social, no que algúns membros propuxeron presentar unha queixa sobre os votos emitidos a favor da universidade privada de Abanca na última reunión do Consello Galego de Universidades, conseguiu aprobar por unanimidade un documento sobre a defensa da universidade pública. Da lectura ao documento, que quere someter á opinión da nosa comunidade universitaria para que se fagan as aportacións que se estimen oportunas e tentar de consensuar unha postura ao respecto. Trátase dun manifesto a favor das universidades públicas do SUG. Insta a que sexamos quen de facer un documento en positivo de este estilo no Consello de Goberno. O documento quedará pendurado na web para a recollida de aportacións e traballar no mesmo.

- Informa sobre o convenio coa Consellería de Política Social “democratización do consentimento”, que se elevará o ano que ven a 100.000 euros. Asinouse tamén un convenio co Banco Santander.

- Houbo unha xuntanza co sector da automoción, na que participaron PSA, CTAG e ASIME, sobre a nova titulación dual. Haberá outra xuntanza na que participará a conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional.

- Asinouse un convenio entre as tres universidades galegas coa valedora do pobo, para premios de igualdade en traballos de fin de grao e de máster.
- Asinouse un convenio co Concello de Vigo que mellora as axudas a estudantes.

3. Aprobación, se procede, do calendario e do procedemento para a aprobación de verificación e modificación de titulacións de grao, máster e doutoramento para o curso 2021/2022.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado que informa deste asunto, que xa foi aprobado por asentimento na última reunión da COAP. O vicerreitor sinala que forma parte da planificación do curso que ven. O calendario é basicamente o mesmo que o do ano pasado na súa estrutura, co obxectivo de ter a finais de xuño todo listo para enviar á Xunta de Galicia. Introduciuse un elemento novo no procedemento, que permite a aprobación de memorias de titulacións excepcionalmente polo Consello de Goberno. Sinala algún outro cambio non significativo, en relación coa tramitación documental.

Apróbase por asentimento.

4. Aprobación, se procede, da convocatoria de concesión de anos sabáticos para o curso 2020/2021.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado que informa deste asunto, que xa foi aprobado por asentimento na última reunión da COAP. A convocatoria é moi semellante á do curso pasado, cun pequeno cambio relativo á valoración dos sexenios de transferencia, que xa comezaron a resolverse.

Apróbase por asentimento.

5. Aprobación, se procede, da normativa de dedicación e recoñecementos docentes do profesorado.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado que informa deste asunto, que xa foi aprobado por asentimento na última reunión da COAP. Nesta normativa hai algún cambio. O máis salientable é o relativo á taboa das indicacións docentes relativo á valoración do sexenio dos titulares con tres sexenios que pasaban a catedráticos. Expón unha táboa que amosa o resultado final. Outro cambio é a consideración de coordinador de grao e master como cargo académico (sen complemento retributivo), e o cambio de desgravación da valedora universitaria, que pasa a ser equiparada a comisionada ou delegada na CiUG. Hai outros cambios menores.

Apróbase por asentimento.

6. Aprobación, se procede, dos criterios de elaboración da programación docente anual (PDA) para o curso 2020/21.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado que informa deste asunto, que xa foi aprobado por asentimento na última reunión da COAP. Hai certos cambios menores na redacción, respecto do curso pasado. Introdúcense actividades de doutoramento vinculadas a convocatorias internacionais. En canto as bolsas de centros, vólvese ao modelo anterior de cómputo das prácticas de alumnado. Asemade, hai un cambio no modelo de valoración de actividades de captación.

Apróbase por asentimento.

7. Aprobación, se procede, do teito de horas destinadas a actividades de xestión e apoio nos centros/campus para o curso 2020/21.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado que informa deste asunto, que xa foi aprobado por asentimento na última reunión da COAP. Proponse manter o teito de horas no mesmo número dos últimos anos.

Apróbase por asentimento.

8. Aprobación, se procede, do regulamento de réxime interno da facultade de Dereito.

O reitor cede a palabra ao secretario xeral que indica o seguinte:

O artigo 38 dos Estatutos da Universidade de Vigo sinala que é competencia da xunta de centro “elaborar, aprobar e modificar a proposta do seu regulamento de réxime interno....”.

O artigo 16 dos Estatutos da Universidade de Vigo establece que lle corresponde ao Consello de Goberno “aprobar todas as normativas que non sexan competencia do Claustro.”

Tendo en conta que o regulamento foi aprobado pola Xunta de Facultade o día 19 de decembro e o informe da Asesoría Xurídica é favorable, se somete á aprobación do Consello de Goberno.

Apróbase por asentimento

9. Aprobación, se procede, da proposta dos premios extraordinarios de grao e doutoramento.

O reitor cede a palabra ao secretario xeral que da lectura ao artigo 71 dos Estatutos da Universidade de Vigo, que indica que *“O Consello de Goberno, a proposta dos centros, pode outorgar anualmente premios extraordinarios de grao e de máster universitario”*. *“O Consello de Goberno, a proposición da escola ou escolas de doutoramento, pode outorgar anualmente premios extraordinarios de doutoramento entre as doutoras e doutores que acadaron a máxima cualificación posible no curso académico anterior”*.

Sométese á aprobación do Consello de Goberno que se outorguen os premios extraordinarios de grao e doutoramento ás persoas propostas polos centros e pola escola de doutoramento. (ANEXO I)

Apróbase por asentimento.

10. Aprobación, se procede, da participación da Universidade de Vigo no capital social da Spin Off “Blue Structure”.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Transferencia, que informa deste asunto indicando que foi unha solicitude de profesores do Departamento de Ecoloxía. Trátase dunha participación da Universidade de Vigo polo 3% (equivalente a 90 euros).

Apróbase por asentimento.

11. Aprobación, se procede, da participación da Universidade de Vigo na asociación INFAB HUB.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Transferencia, que informa deste asunto indicando que foi promovido por ASIME, para facilitar a súa participación en convocatorias de proxectos europeos. É gratuíto para a Universidade de Vigo.

Apróbase por asentimento.

12. Aprobación, se procede, da participación da Universidade de Vigo na asociación INTERVAL, Polo español de INTEROP-Vlab.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Transferencia, que informa deste asunto indicando que a solicitude procede da universidade, para facilitar o acceso a axudas europeas en consorcios con empresas. A cota o primeiro ano é gratuíta. A partir do segundo ano será de 1.000 euros.

Apróbase por asentimento.

13. Aceptación, se procede, da aceptación da doazón do equipo T2010A LTE Wireless Communications Test Set, á Universidade de Vigo, por parte da empresa Keysight Technologies.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Economía, que informa deste asunto indicando que o sistema, fabricado pola propia empresa, foi doado pola mesma, xa que aínda funciona ben. O seu valor aproximado é de 25.000 euros. Non ten costes de ningún tipo para a Universidade de Vigo, que emitirá un certificado de doazón en favor da empresa

Apróbase por asentimento.

14. Eleccións para cubrir as seguintes vacantes nas comisións delegadas do Consello de Goberno: Investigación (1 estudante).

O reitor informa de que non se presentaron candidaturas polo que non procede celebrar eleccións.

15. Elección dos seguintes membros da Comisión de Reclamacións a Prazas de Profesorado Contratado (1 estudante).

O reitor informa de que non se presentaron candidaturas polo que non procede celebrar eleccións.

16. Elección dos seguintes representantes no Comité de Dirección da EIDO: 1 PAS; 1 estudante do ámbito Campus do Mar; 1 estudante do ámbito Científico; 1 estudante do ámbito Tecnolóxico.

O reitor informa de que non se presentaron candidaturas polo que non procede celebrar eleccións.

17. Quenda de intervencións.

O reitor abre a quenda de intervencións. Intervén Carmen Ruiz, para facer unhas observacións en materia de calidade. Fala dos resultados do programa Docentia en relación coa avaliación. Pensa que se deben cambiar as preguntas que se fan ao alumnado e pon exemplos de varias cuestións a este respecto. Tamén fai diversas consideracións en torno ao sistema de valoración xeral e cita diversos aspectos concretos, que pensa que non están axeitadamente enfocadas á valoración da calidade da docencia e que poden prexudicar ao profesorado. O reitor sinala que é unha reflexión que xa estaba presente no noso programa electoral. A nosa proposta debe ser aprobada pola ACSUG e gustaríalle que fora concordada a nivel do SUG. Estase a traballar na modificación da enquisa. O secretario xeral indica que estase a traballar na reforma do sistema por parte dunha comisión específica que está a piques de rematar as súas actuacións, polo que próximamente traerase ao Consello de Goberno. Indica que Susana Reboreda, que é membro do Consello de Goberno e está presente na sala, forma parte da devandita comisión. Susana Reborada informa brevemente dos avances da mesma. Carmen Ruiz indica que foron membros da súa facultade quen lle pediu que comentara esta cuestión. O reitor indica que se está a facer os cambios, que non son sinxelos e deben ser consensuados. Iñigo Cuiñas defende os centros nos que as guías docentes trabállanse moito e pasan por diversos filtros. É complicado defender a calidade, pero non debe ser

denigrada xa que ten a súa utilidade. O reitor está de acordo en que todas as cuestións que chegan aos órganos colexiados e son aprobadas deben pasar por diversos filtros. Carmen Ruiz sinala que o problema máis complexo das guías docentes é o sistema de avaliación. María Isabel Doval, lembra que se poden valorar diversos méritos de mobilidade do profesorado no programa Docencia, que ás veces non son moi coñecidos, no marco de proxectos educativos de cooperación.

Susana Reboreda fala dos títulos universitarios, entendendo que o calendario é importante, así como o acceso ás plataformas. Pensa que hai que tentar que sexan máis homoxéneos. O reitor entende que sería lóxico que o calendario fose único no SUG.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 10:56 h. do día 20 de decembro de 2019, da que eu como secretario xeral dou fe, co visto e praxe do reitor.

O reitor

O secretario xeral

PROPOSTA DE PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE GRAO

CURSO 2018-2019

En aplicación do establecido no Regulamento aprobado na sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo na sesión do día 13 de xuño de 2011 e modificado na sesión ordinaria do Consello de Goberno do 22 de maio de 2019, o Consello de Goberno na súa sesión do día de xaneiro de 2020, acordou conceder os seguintes Premios Extraordinarios de Grao aos que se lle vai entregar a insignia da Universidade:

CAMPUS DE OURENSE	
<u>FACULTADE DE CIENCIAS</u>	
Graduada en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	Ana Isabel Botana Rodríguez
Graduada en Ciencias Ambientais	Marta Rilo Martínez
Graduado en Enxeñaría Agraria	Iván Novoa Couso
<u>FACULTADE DE HISTORIA</u>	
Graduado en Xeografía e Historia	Rubén López Verísimo
<u>FACULTADE DE DEREITO</u>	
Graduada en Dereito	Paula Gamallo Carballude
<u>FACULTADE DE CC EMPRESARIAIS E TURISMO</u>	
Graduada en Turismo	Elena María Rodríguez Iglesias
Grad. en Administración e Dirección de Empresas	Paula Gamallo Carballude
<u>FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN</u>	
Graduada en Educación Infantil	Aloia Iglesias Rodríguez
Graduado en Educación Primaria	Cristian Iglesias Fernández
Graduada en Educación Social	Noemí Castelo Veiga
Graduada en Traballo Social	Estefanía Silva Núñez
<u>ESCOLA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA</u>	
<u>INFORMÁTICA</u>	
Graduado en Enxeñaría Informática	Miguel Ferreiro Díaz

CAMPUS DE PONTEVEDRA	
<u>FACULTADE DE BELAS ARTES</u> Graduado en Belas Artes	Carlos Fernández López
<u>FACULTADE DE CC DA EDUCACIÓN E DO DEPORTE</u> Grad. en Ciencias da Actividade Física e do Deporte Graduada en Educación Infantil Graduada en Educación Primaria	Alba Pires Filgueira Sandra Beatriz Pérez Lorenzo Sabela Rivas Losada
<u>ESCOLA DE ENXEÑARÍA FORESTAL</u> Graduado en Enxeñaría Forestal	Javier Bustelo Otero
<u>FACULTADE DE FISIOTERAPIA</u> Graduada en Fisioterapia	Patricia López Díaz
<u>FACULTADE DE CC SOCIAIS E DA COMUNICACIÓN</u> Graduada en Dirección e Xestión Pública Graduada en Comunicación Audiovisual Graduada en Publicidade e Relacións Públicas	Sheila Cotelo Lado Ariadna Cordal García Sabela Juncal Vidal

CAMPUS DE VIGO

<u>FACULTADE DE FILOLOXÍA E TRADUCIÓN</u> Graduado en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios Graduada en Linguas Estranxeiras Graduada en Tradución e Interpretación	Alejandro Enrique Solla Alonso Alicia Natalia Bao Alegría María Raquel Ferrón Martínez
<u>FACULTADE DE BIOLOXÍA</u> Graduado en Bioloxía	Sergio Martínez Domínguez
<u>FACULTADE DE CC ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS</u> Graduado en Economía Graduada en Administración e Dirección de Empresas	Pablo Martínez Graña Elena Falagán Gomez
<u>ESCOLA DE ENXEÑARÍA DE TELECOMUNICACIÓN</u> Grad. en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación	Samuel Fernández Menduiña
<u>FACULTADE DE CIENCIAS XURÍDICAS E DO TRABALLO</u> Graduado en Relacións Laborais e Recursos Humanos Graduada en Dereito	Gabriel González Rodríguez Elena Falagán Gómez
<u>ESCOLA DE ENXEÑARÍA DE MINAS E ENERXÍA</u> Graduada en Enxeñaría da Enerxía	Ana Larrañaga Janeiro
<u>FACULTADE DE CIENCIAS DO MAR</u> Graduada en Ciencias do Mar	Elisa Calvo Martín
<u>FACULTADE DE QUÍMICA</u> Graduada en Química	Belén Arjones Fernández
<u>ESCOLA DE ENXEÑARÍA INDUSTRIAL</u> Graduado en Enxeñaría Eléctrica Graduada en Enxeñaría Electrónica Industrial e Automática Graduada en Enxeñaría en Organización Industrial Graduada en Enxeñaría en Química Industrial Graduado en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais Graduado en Enxeñaría en Mecánica	Miguel López Caamaño Elena Rodríguez Lois Iria González Romero Claudia Álvarez López Álvaro Rubinos Sicre Samuel Diéguez Docampo

CENTROS ADSCRITOS**ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMARÍA POVISA**

Graduada en Enfermería

Aída Canoura Castro

ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMARÍA**MEIXOEIRO**

Graduada en Enfermería

Laura Guillade Alonso

ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMARÍA OURENSE

Graduada en Enfermería

Laura Rivero González

ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMARÍA**PONTEVEDRA**

Graduada en Enfermería

María Estévez Villanueva

EU DE MAXISTERIO "MARÍA SEDES SAPIENTAE"

Graduada en Educación Infantil

Andrea Álvarez Fernández

Graduada en Educación Primaria

Sara García López

IESIDE

Graduado en Administración e Dirección de Empresas

Guillermo Prado Rocha

CENTRO UNIVERSITARIO DA DEFENSA DE MARÍN

Graduado en Enxeñaría Mecánica

Antonio Segundo Siles

A Comisión Permanente do Comité de Dirección da Eido, reunida o 16 de decembro de 2019, á vista das propostas dos tribunais dos Premios Extraordinarios de Doutoramento, acordou elevar ao Consello de Goberno a relación de candidaturas para a convocatoria 2018-2019

AMBITO ARTE-HUMANIDADES	
CANDIDATO/A	CAMPO CNEAI
1. Yolanda Fernández Pena	11.ffl (Filosofía, Filoloxía e Llingüística)
2. Yolanda Ríos Coello	10.ha (Historia e Arte)
3. Enmanuel Claude Bourgoïn Verdondy	11.ffl (Filosofía, Filoloxía e Lingüística)
ÁMBITO CIENCIAS	
CANDIDATO/A	
1. Noelia Bazarra García	01.mf (Matemáticas e Física)
2. Cristina Velasco Rubial	05.cn (Ciencias da natureza)
3. Rogert Sori Gómez	05.cn (Ciencias da natureza)
4. David Barros García	05.cn (Ciencias da natureza)
5. Rubén Agregán Pérez	05.cn (Ciencias da natureza)
6. Adrián García Figueroa	02.q (Química)
7. Elena Domínguez Corral	02.q (Química)
8. Marta Hernández Ruíz	05.cn (Ciencias da natureza)
ÁMBITO ENXEÑARÍA-ARQUITECTURA	
CANDIDATO/A	
1. Aída María Díez Sarabia	06.I.tmp (Tecnoloxías mecánicas e da produción)
2. Fernando Baneira Collazo	06.I.tmp (Tecnoloxías mecánicas e da produción)
3. Diego Pérez Estévez	06.I.tmp (Tecnoloxías mecánicas e da produción)
4. Jesús Balado Frías	06.III. aiccu (Arquitectura, enxeñaría civil, construción e urbanismo)



5. Aitor Blanco Míguez	06.II. icce (Enxeñarías da comunicación, computación e electrónica)
6. Martín Pérez Pérez	06.II.icce (Enxeñarías da comunicación, computación e electrónica)
7. María del Carmen Fernández Costas	06.I.tmp (Tecnoloxías mecánicas e da produción)
MBITO XURÍDICO-SOCIAL	
CANDIDATO/A	
1. Sara Louredo Casado	09.dj (Dereito e xurisprudencia)
2. Mª Victoria Carrera Fernández	07.2 ce (Ciencias da Educación)
3. Alexis Padrón Cabo	07.2 ce Ciencias da Educación)
4. Marina Zavertiaeva	08.cee (Ciencias económicas e empresariais)
5. Irimia Mollinedo Cardada	07.1 cspc (Ciencias sociais, políticas e do comportamento)

Vigo, a 16 de xaneiro de 2020

O Director da EIDO

Antonio Pino García

Documento asinado electrónicamente

